

**ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E O INSTITUTO ENERXÉTICO
DE GALICIA (INEGA) PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS DE
BIOMASA COFINANCIADO CON FONDOS FEDER NO MARCO DO PROGRAMA
OPERATIVO FEDER GALICIA 2014-2020.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Director do Instituto Enerxético de Galicia (Inega)

DECLARA:

Que esta entidade de dereito público ten previsto formalizar ca Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, o instrumento de colaboración arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2020.

Que o acordo de cooperación ten por obxecto establecer as condicións para potenciar o aforro, a eficiencia enerxética e o uso da biomasa co obxectivo de reducir o consumo de enerxía e a factura enerxética nos centros pertencentes a administración pública, neste caso trátase do seguinte:

- Executar unha rede de distribución de calor para dar servizo a varios edificios do complexo da Xunqueira, construírse unha nova sala de caldeiras para aloxar varias caldeiras de biomasa e para o almacenamento do combustible construírse un silo da capacidade necesaria.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura deste acordo de cooperación, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela.

Sinatura electrónica e data na marxe esquerda.



Xacobeo 2021

